

REVISTA

[www.revistainviable.gal](http://www.revistainviable.gal)

Nº63, XUÑO 2025

# INVIABLE

PUBLICA A ASOCIACIÓN REVISTA INVIABLE DA XERACIÓN ILLADA OURENSE ISSN: 2695-8279

Soledad García Riveiro // Francisco J. Fontenla // Eladio Medel  
Pacho Blanco // Ramón Caride // David G. Couso // Abraham Vila  
Xerardo Méndez // J. Emilio Bóveda // Moncha Prieto // Carlos Rego  
Xosé Manuel Eyré // Guillerme Coen // Toño Guede // Iván Fernández  
Valentín Barreiros // David G. Gándara // Xullo Pardo de Neyra  
Gustavo Peaguda // Miguel Varela // Gabriel Romero de Ávila  
Dr\_Vault // Hixinio C. "Cali" // Carmen Torres París  
Guillelme Denis Castillo // David G. Couso



## **Non quero que se perda**

1º Premio Fotografía Literaria "Ollo con Nigrán" 2025  
 Concello de Nigrán · Teatro do Ar · Somos Terra\*

**N**on quero que se perda

o murmurio do Miñor

cando bica a marisma

nin o fio de luz

que entre xuncos se deita

non quero que se perda

o sal que debuxa camiños no vento

nin as pegadas das aves que bailan

sobre o lenzo mollado das areas

que quede a estela do voo das garzas

a calma redonda da pleamar

o aloumiño da brisa entre as espartinas

cando o lume do día se esvaece en cor

non quero que se perda

o latexar da terra baixo as cortadeiras

o ouro das mareas que soben e baixan

ata os peitos ocultos dos bancos de area

que non se perda a praia da Ladeira

nin o paso silente das ondas primeiras

nin a sombra dos barcos que morren na Foz

varados no leito de fango e de sol

que non se perda o peite de pedra da Ramallosa

nin as pugas de Telmo na súa voda co mar

que o río se vista de noivo un quilómetro enteiro

para xuntarse aos pés da Ladeira

e o resto do tempo que xoguen os dous

que brinquen na Foz entre xuncos e ás

non quero que se perda

o acubillo que a duna lle ofrece ao vento

a marusia que leva o nome das ondas

ata a última raíz dos piñeiros

que non se perda o Lourido do solpor  
nin as mans que un dia sementaron no esteiro

non quero que se perda  
o eco das pegadas na area mollada  
as cestas valeiras, as redes gastadas  
as historias que o mar non quixo levar

que non se perda A marelha taravela  
nin os ecos do vento sobre as Illas Estelas  
que nunca calen as Cantigas de escarnio e maldicir  
nin a lingua do mar que Bernardino escribiu

que non se perda a Profecía do mar  
o seu berro de escuma entre as páxinas bravas  
a súa alma de faro, de mastro e de vela  
que fixo do Atlántico un verso sen medo

que non se perda a cor das primaveras  
cando as flores halófilas abren os beizos  
nin o ronsel da luz sobre Nigrán  
cando os ollos do dia se pechan no mar

e se algún dia o tempo apaga a lembranza  
que quede na brisa o murmurio dos xuncos  
o resón do peirao e o latexo da espuma  
coma un segredo  
que nunca se apaga

non quero que se perda

non quero que se perda



\*A imaxe gañadora que acompaña a este poema corresponde  
coa imaxe de capa e contracapa deste número da Revista INviable.

*Non quero que se perda*

PREMÉ AQUÍ  
PARA ACCEDER  
A MÚSICA

